

MAI 5 2013

O baile

(<https://devoltaparaloureda.wordpress.com/wp-content/uploads/2013/05/samuparis1.jpg>)Zangief tiña o corpo cheo de cicatrices. A Zangief mazáranos como a un polbo veces e veces. Zangief non empregaba ondas, non voaba. Zangief, o orixinal, non botaba lume. Zangief ía en calzóns e botas e tiña unha mesta barba marrón.

Zangief abriuse paso engorde.

Zangief eran 213 centímetros de orgullo. Zangief era lento, seguro, firme.

Queríanos chamar Vodka Gobalsky e el quixo chamarse Zangief. Argumentábanlle: “onde estea o estado de embriaguez que se afaste o hespañol”. Zangief era máis elegante.

Zangief escarallou vivo a Ken. Zangief quentoulle as cachas a Guile. Zangief rebentou por todas partes a Vega. A Vega, si. Fodeuno enteiro.

Zangief, o alcumado “Ciclón Vermello”, levouse a todo cristo por diante con moi poucas ferramentas e cun único motor: a verdade. Zangief correunos a hostias.

Atravesou o mundo enteiro cun estilo puro e, cando chegou ao final, só tiña en mente tres cousas: resistir, vencer e bailar.

Zangief gañou e celebrouno bailando.

Zangief bailou.

Samuel L. París. Escritor

por devoltaparaloureda • Publicado en [Uncategorized](#) • Etiquetado [De Volta para Loureda](#), [Rede de Apoio a Carlos Calvo](#), [Samuel L. París](#)

Un comentario en “O baile”

1. **PINGBACK:** [Zangief correunos a hostias | Parará, París](#)

[Crea un sitio web ou un blogue de balde en WordPress.com.](#)

